



Plan de Acción Titorial: Xornada de optativas

O 7 de maio tivo lugar a xornada de orientación sobre as materias optativas dos graos en ADE e Economía. Nesta sesión, que forma parte do Plan de Acción Titorial do centro, o profesorado das diferentes materias explicou brevemente os contidos e características das materias e orientou ao estudantado no proceso de escolla das mesmas.



Plan de Acción Titorial: Programa SICUE

O 14 de maio celebrouse, no marco do Plan de Acción Titorial, unha sesión dirixida ao estudantado que o próximo curso se desprace a outra universidade dentro do programa SICUE. O obxectivo principal da sesión é axilizar e simplificar os trámites administrativos a realizar mediante o uso do certificado dixital.



Xuntanza co estudantado titor

O 19 de xuño o equipo decanal tivo unha xuntanza co estudantado titor do centro para o próximo curso 25/26 nos graos de Economía e ADE. Contaremos cun numeroso equipo de estudantes de grao que axudarán a facer máis fácil a integración do novo estudantado que comezará en setembro, así como do que chegue mediante os programas de mobilidade, ou nas visitas que recibimos de estudantes de bacharelato de toda Galicia durante o curso. Estas e outras tarefas son as que se comezaron a coordinar para que desde o primeiro día de curso todo funcione o mellor posible.





Aula Profesional ECOADE Aprendendo das empresas e institucións

O 12 de maio, no marco da Aula Profesional ECOADE, contamos coa presenza da exalumna Cristina Fernández que nos fixo un excelente relatorio práctico sobre a utilidade da análise financeira nas decisións de concesión de financiación bancaria.



Aula Profesional ECOADE Aprendendo das empresas e institucións



O 14 de maio celebrouse a última charla do ciclo Aprendendo das Empresas e Institucións do curso 24/25. A exalumna do centro e actual Directora de Sustentabilidade en JEALSA, Ángeles Claro, relatou cómo se implementa a responsabilidade social corporativa na empresa, o programa We Sea, que lle permite cumprir importantes obxectivos de sustentabilidade e avanzar establecendo novas metas. Nesta sesión, organizada pola Cátedra de Empresa Familiar da USC, púxose de manifesto a importancia de que a sustentabilidade e a RSC abarquen todos os ámbitos das organizacións.

Defensas de TFG



O 1 e 2 de xullo celebráronse as defensas dos traballos de fin de grao, tanto na modalidade de póster como de tribunal. No grao en ADE, defenderon un total de 86 estudantes (79 en póster e 7 ante tribunal) e en Economía 43 (33 en póster e 10 ante tribunal).



ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



50 aniversario da promoción de 1970-75



O 23 de maio celebramos o 50 aniversario da promoción de 1970-75 da Licenciatura de Económicas. No acto contouse con profesorado daquela promoción como José Carlos de Miguel, Juan Ramón Quintás e José Vilariño e coa participación do decano da Facultade.

Visitas guiadas gratuitas ao patrimonio artístico

O 15 de maio comezamos o programa de visitas gratuitas para coñecer o extenso e valioso patrimonio artístico da Facultade guiados de forma magnífica por M^o Cristina Carballedo Penelas.

A colección de arte galega contemporánea está presente no exterior, nas zonas comúns, zonas de traballo, aulas de clase, biblioteca, cafetería, salas de estudo, salón de graos, sala de xuntas ou decanato, convertindo o noso centro nun auténtico museo onde se desenvolve a vida universitaria. A idea destas visitas é abrir a Facultade a todo o público, de dentro ou de fóra da USC, e compartir coa sociedade este patrimonio cultural galego que paga a pena coñecer.

Con este obxectivo, celebráronse outras dúas visitas, o 12 de xuño e o 16 de xullo.





Boas prácticas de calidade


O 7 de xullo recollemos o premio concedido á Facultade pola iniciativa Optimizaxión dos procesos de traballo na Unidade de Xestión de centros e departamentos, dentro da VIª Convocatoria para o recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros docentes da USC. As encargadas de recoller o premio foron Romina García Chas, Vicedecana de Calidade e Innovación Docente, e Elena Sieiro Negro, Responsable da Unidade de Xestión. Con este, son xa cinco anos consecutivos, e seis premios, nos que o noso centro obtén un galardón polas súas boas prácticas, o que supón máis do 15 por cento das boas prácticas recoñecidas nestes anos pola USC.

Esta boa práctica reconece a extraordinaria labor realizada nos últimos anos polo equipo administrativo da Unidade de Xestión, comprometido coa mellora continuada da organización interna, da transformación dixital, accións no campo da información dirixida ao estudantado e colaboración continuada co PDI e o equipo decanal.



Revista Galega de Economía

A Revista Galega de Economía alcanzou un novo fito no Journal Citation Reports 2025. A nosa Revista sitúase no Q3 da categoría “Economics”, consolidando o seu papel como referente na difusión do coñecemento económico desde Galicia para o mundo. Este logro é froito do esforzo conxunto de autores, revisores, editores e lectorado.



Colegio Economistas de A Coruña

Miguel A. Vázquez Taín foi elixido como novo presidente do Consejo General de Economistas de España que agrupa a uns 55.000 economistas. O profesor do noso centro ocupaba anteriormente o cargo de decano-presidente do Colegio Economistas de A Coruña e presidente do Consello Galego de Economistas.





XVII Premio de Historia Agraria Ramón Garrabou

Bruno Esperante, profesor do noso centro e investigador de HISTAGRA-CISPAC, foi galardoado co XVII Premio de Historia Agraria Ramón Garrabou, outorgado pola Sociedad de Estudios de Historia Agraria (SEHA).

O premio foille concedido polo seu artigo “La motorización de una agricultura atlántica y ganadera de pequeños propietarios la difusión de tractores agrícolas, 1929-2000” publicado na revista Historia Agraria, 90, destacando a sólida estrutura do artigo e o amplo coñecemento do autor a nivel teórico e bibliográfico, a orixinalidade da formulación e dos obxectivos ou a solidez na argumentación.



Actos de graduación Economía

O venres 11 de xullo, celebrouse o acto de graduación da XVI promoción de Economía 2021-2025.

O acto estivo presidido pola Vicerreitora de estudantes e cultura, Pilar Murias Fernández, en representación do Reitor da USC, e nel tamén participaron o decano, Xoán Ramón Doldán García, o padriño de honra, Francisco Negreira del Río do departamento de Economía Aplicada, e o padriño e a madriña da promoción escollidos polo estudantado, o profesor Pablo Durán Santomil do departamento de Economía Financeira e Contabilidade e a profesora Dolores Riveiro García do departamento de Fundamentos da Análise Económica.





Actos de graduación ADE

O acto de graduación da XIII promoción de Administración e Dirección de Empresas 2021-2025 celebrouse o día 12 de xullo.

O acto estivo presidido pola Vicerreitora de titulacións e internacionalización, María José López Couso, en representación do Reitor da USC, e nel tamén participaron o decano, Xoán Ramón Doldán García, o padriño e as madriñas da promoción,



o profesor Valentin Vittori Romero e a profesora Cristina Aibar Guzmán do departamento de Economía Financeira e Contabilidade, e profesora Lydia Campos Pereiro que formou parte do departamento de Economía Aplicada.

Explorer Santiago Space

O 5 de xuño celebrouse no centro o Demo Day do Santander X Explorer Santiago Space, acto no que se defenderon os traballos finalistas, ante o xurado composto por Luis Otero González, delegado do reitor para a Transferencia do Coñecemento, José Luis Maestro, subdirector xeral de Emprendemento da Xunta de Galicia, Óscar Castro, director da Oficina Banco Santander Campus Sur USC, Pablo Mosquera Martínez, director de Inversións de UNIRISCO e Xoán Ramón Doldán García, decano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

Por decisión unánime do xurado, estes son o proxectos premiados foron Steri Food&Health, de Maria Carracedo Perez e Clara López Iglesias, TraDeFi Global, de José Pereira Cabezuelo e Diade, de M^a Cristina Rodríguez Carlín.





Outros acontecementos

O 20 e 21 de maio tiveron lugar na Facultade as XII Jornadas RIFDE-Finanzas Autonómicas, nas que se debatiu sobre a esperada reforma do sistema de financiamento, sobre gobernanza multinivel ou sobre mecanismos extraordinarios de financiamento.



Entre o 21 e o 23 de maio celebrouse o Congreso EBEN-Spain 2025 no noso centro. Un acontecemento especial que serviu para acoller máis dun centenar de expertos/as de diferentes institucións académicas, que reflexionaron, debateron e compartiron coñecementos sobre a ética na economía e as organizacións nun mundo que se enfronta a múltiples retos.



O 28 de maio, tivemos a ocasión de escoitar a maxistral conferencia de Antonio Turiel Martínez, investigador científico do CSIC, na que tratou temas urxentes que precisan dunha inmediata acción da sociedade no seu conxunto: os límites biofísicos, ecolóxicos, enerxéticos ou materiais aos que xa se está enfrontando a humanidade e que poñen en cuestión as políticas que pretenden un crecemento económico continuado. Tamén participaron Miguel Anxo Abraira Sobrado, presidente da Rede para o Decrecemento, e Xoán Ramón Doldán García, profesor de Economía Aplicada da USC.





Cursos de verán

Dentro da programación da Universidade de Verán 2025 da USC, celebráronse na Facultade unha serie de cursos.

Entre o 17 e 19 de xuño, tivo lugar o curso "Economía circular e sustentabilidade: desafíos, oportunidades e ferramentas para o sector da moda galega" organizado polo grupo ICEDE da man das profesoras Ángeles Pereira Sánchez, Suguey de J. López Pérez e Elisa Durán Rubí. Este curso ofreceu unha visión integral da súa transición cara a economía circular, tratando os seus retos, estratexias e políticas, así como o papel dos modelos de negocio, iniciativas sociais e novas tecnoloxías.

Entre o 23 e o 26 de xuño, celebrouse o curso "Finanzas Persoais: educación financeira para a vida familiar e laboral" organizado polas profesoras Loreto Fernández, Sara Fernández López e Lucía Rey Ares coa colaboración do G.I. VALFINAP, o Observatorio AFFE e SANFI | Santander Financial Institute. Este curso ofreceu unha formación esencial en educación financeira para mellorar a toma de decisións económicas no ámbito persoal, familiar e laboral.

A través da aprendizaxe de conceptos chave como aforro, investimento, planificación financeira e uso de produtos financeiros, as persoas participantes adquirirán habilidades para xestionar eficazmente os seus recursos.

Do 14 ao 16 de xullo celebrouse a IV Escola de Verán de Economía Crítica. Este curso, dirixido a estudantes de Doutoramento e Máster de calquera universidade que traballe en temas desde enfoques económicos non convencionais, tratou de favorecer a discusión científica entre poñentes e estudantes coa finalidade de axudar a orientar os traballos de teses de doutoramentos e TFM, mediante ponencia e talleres de investigación.





Publicacións do PDI

Nos meses de maio, xuño e xullo tivemos coñecemento dos seguintes traballos publicados por parte do PDI do centro:

- de la Torre Cuevas, F. e Lahr, M. (2025). Linking regions to the world: simplifying gravity equations to embed regions within global input-output models. *Spatial Economic Analysis*.
- Rodríguez, X. A., Martínez-Roget, F. e Loureiro, M. (2025). Crisis and tourism demand in Spain. *Heliyon*, 11 (13).

Teses defendidas

Durante os meses de maio, xuño e xullo defendéronse as seguintes teses de doutoramento na nosa Facultade:

- O papel da industria do petróleo de Nixeria dentro das cadeas de valor globais e as capacidades do seu sistema de innovación para a mellora.



Autor: Eshiet, Eno Henry.

Dirección: Manuel González López.


- Barreiras, motores e consecuencias das prácticas de xestión ambiental na hoteleira.

Autor: Mohd Alam Husain.

Dirección: Adolfo Carballo Penela e Emilio Ruzo Sanmartín.



Séguenos nas nosas redes sociais





Acordos relevantes das Comisións da Facultade

Xunta de Facultade

- **6 de xuño de 2025:** Aprobación da proposta de reparto de orzamento da Facultade para o ano 2025. Aprobación da programación docente do curso 2025-2026 das titulacións do centro. Aprobación do calendario de exames do curso 2025-2026 dos graos en Economía e en ADE.
- **10 de xullo de 2025:** Aprobación das convocatorias de cambio de quenda e de dispensa para o curso 25-26. Aprobación dos cambios da composición da Comisión Permanente e da Comisión de Calidade.

Comisións Académicas dos Graos en ADE e Economía:

- **9 de maio de 2025:** Aprobación dos informes de resultados dos graos en ADE e Economía para o curso 23-24. Acórdase a revisión das programacións das materias de 1º curso dos plans de estudos que se extinguen e das novas edicións dos plans de estudos.
- 2 de xuño de 2025: Acórdase solicitar aos departamentos unha revisión das programacións das materias nas que se atoparon incidencias.

Comisión de Traballo de Fin de Grao:

- **27 de maio de 2025:** Aprobación dos programas de TFG de ADE e Economía para o curso 25-26. Acórdase adiar a aprobación do calendario de defensa de TFG do curso 2025-26 ata a próxima reunión, á espera de revisar a posibilidade de incluír no calendario unha segunda oportunidade na convocatoria de xuño/xullo. Aprobación pola Comisión de TFG actuando como comisión de ética, se procede, do informe en relación coa proposta de TFG de ADE dun estudante.
- **26 de xuño de 2025:** Acórdase aprobar a proposta de calendario de defensa de TFG para o curso 25-2026. Acórdase aprobar o calendario das defensas de TFG da oportunidade de xullo do curso 24-25.

Comisión de Calidade:

- **28 de maio de 2025:** Aprobación dos informes de resultados das titulacións do centro do curso 23-24. Aprobación da memoria de calidade do curso 23-24. Aprobación do informe de recursos humanos do curso 23-24. Aprobación do plan de captación 24-25. Acórdase elaborar un escrito sobre a problemática da matrícula de estudantado estranxeiro nos mestrados para trasladalo á Xunta de Facultade.

Comisión de Validacións:

- **10 de xullo 2025:** Informar aos Departamentos da proposta de táboa de adaptación entre Grao de Economía (Plan Novo) e Grao de ADE (Plan Novo).